



Departamento de Matemáticas
Curso 23 - 24
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 2 BAC

O aprobado tanto dunha avaliación, coma do curso, establécese, como mínimo, nun 5.

As aproximacións faranse por defecto ao anterior número enteiro. De maneira excepcional poderase utilizar o seguinte criterio {[Parte decimal $\geq 0,75$] \rightarrow aproximarase por exceso ao seguinte enteiro } sempre que o profesorado considere que hai unha evolución positiva no/a alumno/a e contribúa positivamente ao desenvolvemento do/a mesmo/a. O carácter excepcional desta medida fai que non se poderá utilizar habitualmente, é dicir, un/unha alumno/a non poderá verse beneficiado/a pola mesma en tódalas avaliacións.

Para calculala media de cada avaliación non é necesario unha cualificación mínima nos exames. Para calculala nota final da materia non é necesario unha unha cualificación mínima nas avaliacións. Para calculala nota final de curso utilizarase a nota non aproximada de cada avaliación.

Os traballos non se recollerán fóra de prazo sen unha causa debidamente xustificada. Con carácter excepcional, e sempre a criterio do profesorado, recolleranse ao día seguinte cunha penalización dun 50% sobre a nota do traballo.

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. En cada exame entrará materia do traballado anteriormente. O 90% da nota da avaliación estará conformado pola nota obtida da ponderación das probas escritas. O peso de cada unha desas probas será 40% (primeira proba) + 60% (segunda proba).

O 10% restante obterase das rúbricas, táboas de indicadores e listas de cotexo nas que serán avaliados:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos),
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan.
- Observación na aula.

Cálculo da nota final de curso, (NotaFin).

A nota final do curso será a media aritmética das notas finais das avaliacións.

• *Procedemento de actuación en caso de que un/ha alumno/a non poida facer o último exame antes da 1ª/2ª avaliación.*

Cando unha/un alumna/o non poida facer o último exame da 1ª/2ª avaliación, a súa nota obterase da seguinte maneira:

1. Avaliar o exame que lle falta por facer cun 0.
2. Facer o cálculo das notas seguindo os criterios de avaliación establecidos.
3. Deixar constancia no boletín de que a nota obtida é provisional.
4. O alumnado afectado fará o exame en canto se incorpore á clase, salvo que por razóns pedagóxicas o profesorado decida adialo. Unha vez feito o exame, calcularase a súa nota da avaliación.
5. A nota provisional quedará anulada pola nova nota a efectos do cálculo da nota de final de curso.

- *Procedemento de actuación cando un/unha alumno/a non poida facer unha proba/exame.*
Se un/ha alumno/a non pode asistir a unha proba/exame escrito por razóns xustificadas, realizará a mesma o día que se incorpore ao centro agás que, por razóns pedagóxicas, o profesorado considere adiala. Terá a obriga de entregar un xustificante debidamente cuberto e asinado pola nai, polo pai ou titor/a legal.

- *Criterios para o alumando de 2º de Bacharelato con cambio de modalidade.*
Atendendo á normativa vixente, o alumnado de 2º de Bacharelato que así o solicite en forma e prazo, poderá realizar un cambio de modalidade ou itinerario ao promocionar de 1º a 2º. Os criterios que aplicaremos dende o Departamento serán os seguintes:

Alumnado procedente da modalidade de Ciencias e Tecnoloxía que decide cambiarse a Ciencias Sociais.

Se ten a materia de Matemáticas I aprobada, darase por superada a materia de Matemáticas Aplicadas I. A xustificación desta medida ten como fundamento o currículo de ámbalas dúas materias. Os contidos traballados en Matemáticas I permiten sen maior problema a continuidade en Matemáticas Aplicadas II.

Como mínimo, a nota de 1º de bacharelato de Mat Aplicadas será a mesma cá de Matemáticas I. O alumnado poderá presentarse a un exame final para mellorar a súa cualificación. Neste exame entrará toda a materia de Matemáticas Aplicadas I e valerá o 100% da nota. A nota final será o máximo entre a nota que tiña de Matemáticas I e a nota deste exame final.

Se ten a materia de Matemáticas I suspensa, deberá cursar Matemáticas Aplicadas I. O procedemento será o mesmo que o establecido para o alumnado con esa materia pendente.

Alumnado procedente do itinerario de Humanidades que decide cambiarse a Ciencias Sociais.
Debe cursar a materia de Matemáticas Aplicadas I. O procedemento será o mesmo que o establecido para o alumnado con esa materia pendente.

Alumnado procedente da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais que decide cambiarse a Ciencias e Tecnoloxía.

Debe cursar a materia de Matemáticas I. O procedemento será o mesmo que o establecido para o alumnado con esa materia pendente.